

NOTA DE PRENSA DA ASOCIACIÓN GALEGA PARA A DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA SOBRE A PRETENSÓN DA XUNTA DE POÑER TEITO AO FINANCIAMENTO PRIVADO DAS INFRAESTRUTURAS PÚBLICAS

27/08/2010

O portavoz de Economía do Grupo Popular no Parlamento de Galicia anunciou que o PP pretende presentar unha proposición non de lei para poñer un teito ao financiamento público-privada para construír infraestruturas públicas. A xustificación é manter un límite no endebedamento público que non ate as mans aos futuros gobernos da Comunidade Autónoma cun endebedamento que se estenderá durante moitas décadas. Este sistema de financiamento privado estase aplicando para construír os hospitais de Vigo e Pontevedra, así como en 21 centros de saúde. Sen embargo o pretendido recorte non suporá o abandono deste modelo.

Ante esta sorprendente noticia a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública (AGDSP), quere recordar á opinión pública e profesional galega as nefastas consecuencias que a aposta da actual Consellería de Sanidade para financiar a construción de hospitais e centros de saúde mediante Colaboración Público-Privada (modelo PFI ou Concesión Público-Privada), terá para o sistema sanitario público de Galicia. Miles de manifestantes nas principais cidades apoiaron esta denuncia nas mobilizacións promovidas polas Plataformas en Defensa da Sanidade Pública das que a nosa Asociación forma parte.

A Conselleira de Sanidade tenta vender a todos os galegos as bondades de modelo, malia que a experiencia noutras Comunidades Autónomas demostrou xa que os gastos financeiros da denominada colaboración público-privada (modelo PFI) multiplica entre 4 e 6 veces o custo final de construción dos centros. No caso do Novo Hospital de Vigo os custos incrementáronse de 457,6 a 1.566 millóns de euros e os custos de todo o Plan Directorio de Novas Infraestruturas Sanitarias de Galicia pasarán de 1.300 a máis de 8.100 millóns. O pago do canon empresarial acapará o 56% do gasto do sistema público, e obrigará a reducir o orzamento destinado ao funcionamento do sistema.

Por todo iso consideramos que o Modelo de Financiamento PFI (Colaboración Público-Privada) levará á quebra da sanidade pública como consecuencia dun endebedamento descontrolado, como está sucedendo na Comunidade Valenciana e na Comunidade Autónoma de Madrid. Segundo datos do Banco de España para o primeiro trimestre de 2010, as Comunidades Autónomas de Valencia e Madrid son, logo de Cataluña, a 2ª e 3ª máis endebedadas do Estado, cunha débeda pública de 15.356 e 11.712 millóns de euros, respectivamente, debido fundamentalmente ao sistema de financiamento dos hospitais públicos pola vía da Colaboración Público-Privada.

Esta realidade foi negada reiteradamente, ata agora, pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia pero, recentemente, os economistas do PPdeG caeron na conta de que os informes do Banco de España e dos Tribunais de Contas tiñan a razón e era a Consellería de Sanidade a que estaba equivocada.

A AGDSP esíxelle á Xunta que inclúan, no texto da Proposición non de Lei que o PP vai presentar, que as obras de equipamentos da sanidade pública sexan excluídas dos sistemas do financiamento baseados no modelo PFI. Todo o demais é, simple e sinxelamente, operacións de maquillaxe e un novo intento de confundir e enganar á opinión pública galega.